

## RELATORIO SOBRE O CÁRCERE DA LAMA

O obxectivo deste relatorio é expoñer sucintamente feitos que foron denunciados por internos do establecemento prisional da Lama (Pontevedra) e que pola súa natureza poderían ser clasificados como delitos de tortura, contra a integridade moral, rigor innecesario e lesións, todos eles presuntamente cometidos entre 2005 e febreiro de 2020 por funcionarios destinados no mencionado centro e denunciados á xurisdición ou a grupos de avogados que visitan o penal.

Consíganse, así mesmo, algunhas das mortes que se produciron neste establecemento prisional e as deficiencias máis importantes que presenta no que toca á asistencia médica, infraestruturas, programas de actividades, etc., que afectan directa e seriamente as condicións de vida das persoas internas.

### 1. - O CENTRO PENITENCIARIO DA LAMA (PONTEVEDRA)

A prisión da Lama está situada no concello da Lama (provincia de Pontevedra), no lugar de Racelo.

Foi inaugurada en 1998. A superficie total construída é de 86.081 m<sup>2</sup> e o complexo ocupa 361.430 m<sup>2</sup>. Ten capacidade para albergar 1.211 persoas (1.080 reclusos, 86 no módulo de entrada, saída e tránsito, 81 na enfermaría e 36 no módulo de illamento).

A competencia en materia de vixilancia penitenciaria corresponde ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria núm. 2 de Galicia, con sede en Pontevedra. A xurisdición en materia penal corresponde ao Xulgado de Instrución de Pontevedra.

Nos primeiros anos deste século, o penal da Lama figuraba entre o tres establecementos prisionais do Reino de España que concentraban maior número de suicidios (xunto co de Zuera e o Psiquiátrico Penal de Alacant): 36% do total de todos os cárceres do Reino de España, a pesar de aloxar entre os tres só o 4% do total da poboación penitenciaria (Relatorio Oficina do *Defensor del Pueblo* 2007. Ver tamén Relatorio da Central Penitenciaria de Observación de 2011).

En xuño de 2012, o elevado número de mortes ocorridas durante o ano anterior por suicidio ou outras causas (un mínimo de oito segundo a información de EsCULcA) e a introdución de métodos expeditivos para abordar problemas de convivencia -especialmente no módulo de illamento, onde se adoita empregar o



encadeamento prolongado-, o abuso deste réxime punitivo, aplicado de xeito inxustificado e automático, así como a actitude agresiva dos funcionarios, están na orixe do aumento significativo das denuncias por malos tratos experimentados nos últimos anos, expresadas nalgunhas ocasións como último recurso na forma de folgas de fame prolongadas. Unha situación que motivou varias iniciativas parlamentarias e a apertura de dilixencias na Fiscalía de Pontevedra.

Por outra banda, como se indica na sección **Condicións de vida dentro da prisión**, outras preocupacións importantes do Observatorio están relacionadas coas reiteradas queixas que nos chegan sobre a pésima calidade da asistencia sanitaria e a dieta pouco saudable que se lles proporciona aos internos, así como as graves deficiencias nas estruturas con graves repercusións nas súas condicións de vida e a inexistencia de programas de actividade para persoas clasificadas no primeiro grao de tratamento, queixas cuxo fundamento puido constatar EsCULcA no 2012 no transcurso dun exame rutineiro dos cárceres localizadas en Galicia segundo consta no escrito de queixa dirixida ao director do C.P. da Lama e á *Defensora del Pueblo* o 10/12/2012.

Convén subliñar que o escrito non recibiu resposta.

### **Visita de representantes da *Defensoría del Pueblo***

Posteriormente, EsCULcA tivo coñecemento da visita, en novembro de 2012, dunha delegación da *Defensoría del Pueblo* á prisión para inspeccionar varias unidades, incluído o módulo de illamento, e manter entrevistas con diferentes internos. Dado o interese que o resultado desta inspección tería para o traballo desenvolvido polo observatorio, o 26/12/2012 EsCULcA solicitou ao propio organismo información sobre as conclusións da visita. Tampouco este escrito recibiu resposta.

## **2. - CASOS DE ABUSOS, MALOS TRATOS E TORTURA COÑECIDOS POR ESCULCA (2005-2020)**

### **Caso M.F.**

O **21 de xuño de 2005**, M.F. é hospitalizado na enfermaría da prisión da Lama despois de tragar dúas pilas e queimar o colchón na cela. O interno, que padece sida, pretendía así protestar polas duras condicións ás que foi sometido na cela de illamento onde fora detido como consecuencia dun altercado con outro interno. Durante os meses nos que se prolonga a reclusión neste módulo, as súas defensas baixan de 255 a 6 debido principalmente, segundo todos os indicios, á falta de atención médica adecuada.



Esta circunstancia, e o acoso constante ao que é sometido polos funcionarios do centro, levan M.F. a se autolesionar como única medida ao seu alcance para protestar pola súa situación. A demora excesiva dos médicos en extraerlle as pilas provócanlle ao recluso dúas úlceras sangrantes.

O **29 de xuño** volve ser vítima de acoso.

O **1 de xullo**, cando sae da sala de TV e despois de pasar polo arco detector, é abordado por seis funcionarios (algúns deles de servizo o **21 de xuño**) que lle din que o van someter a un rexistro corporal e indícanlle que se coloque mirando contra a parede coas pernas e os brazos estendidos. Nesta posición, un dos funcionarios agárrao polos testículos e cando o interno pregunta que acontece recibe unha forte labazada que o bota ao chan. Unha vez no chan, é pontapeado, písano na cabeza e, esposado, lévano á cela 20 onde o deixan atado de pés e mans na cama ata as 21:00 horas.

Ao redor das 19:00 horas, chega a médica chega á porta da cela, pregúntalle onde lle doe e marcha. Máis comunicativo é o director do centro que, non obstante, non aproveita a visita para interesarse pola situación do interno e coñecer a súa versión dos feitos senón para recriminarlle a súa actitude.

O **14 de xullo**, isto é, dúas semanas despois da agresión, o avogado de M.F. confirma que aínda ten erosións nas pernas e no ombreiro esquerdo e presenta unha denuncia no Xulgado de Pontevedra.

## Caso S.C.

O **26 de abril de 2006**, funcionarios da prisión informaron a S.C., de nacionalidade albanesa, de que ía ser trasladado a outra cela por motivos de seguridade. O preso discute esta decisión, xa que carece -afirma- dunha base para xustificala, o que, a pesar de que a obxección se formula nun ton respectuoso, provoca o seu inmediato traslado a unha cela de isolamento provisional onde permanecerá ata o **2 de maio**, momento no que é levado de novo ao seu módulo (núm. 14).

Ao día seguinte, o **3 de maio**, ao redor das 8:30 da mañá, seis axentes armados con porras entraron na cela e agrediron o interno, provocando feridas e sangrando polas orellas e pola boca. A continuación, lévano novamente á cela de isolamento.

EsCULcA ten coñecemento destes feitos, por denuncia da persoa afectada, o **30 de maio de 2006** e informa inmediatamente a embaixada de Albania en Madrid, instando os funcionarios diplomáticos a se interesaren pola situación de S.C. co fin de esclarecer os feitos e evitar novas agresións.



A embaixada responde rapidamente que solicitará aclaración dos feitos e tomará medidas para evitar novos abusos, pero cando chega esta resposta, S.C. xa se atopa noutro centro penitenciario, onde fora trasladado, seguindo un coñecido gui3n cuxo propósito 3 evidente: obstru3r a investigaci3n e evitar que as persoas presas poidan recibir asistencia do exterior.

## **Caso J.R.C.**

En **novembro de 2010**, grupos de defensa dos dereitos civ3s e humanos solicitan a liberaci3n de J.R.C., un recluso no C.P. da Lama, debido ao seu grave estado de sa3de.

A solicitude fundam3ntase nos arts. 15 (personalidade da pena) e 25, da Constituci3n espa3nola, que outorga 3s persoas condenadas a prisi3n a protecci3n xeral de todos os seus dereitos que non estivesen limitados por fallo condenatorio, no art. 92 do C3digo Penitenciario.

## **Caso V.L.M.D.**

O **6 de agosto de 2011**, V.L.M.D. presentou unha denuncia por torturas no Xulgado de Garda de Pontevedra polos abusos aos que foi sometido o **17 de xu3o** no m3dulo de illamento desta prisi3n, onde fora trasladado como consecuencia da discusi3n que mantivera cun funcionario (A.), ao que chamara mentireiro pola s3a intervenci3n nun incidente previo con outro interno.

Chegado ao m3dulo de isolamento, cando estaba quitando os cord3ns dos zapatos, V.L.M.D. 3 agredido fisicamente por A. e despois obrigado a espirse. En roupa interior, 3 levado 3 temida cela 40, un cub3culo especialmente dese3ado para manter persoas amarradas a unha cama encastada no chan.

Unha vez dentro da cela, V.L.M.D. 3 atado coas mans e cos p3s cara abaixo e obrigado a permanecer nesta posici3n m3is de 8 horas, sen que se lle permita ir ao ba3o durante todo este tempo, obrig3ndoo a ouri3nar na cama.

A crueldade desta inustificable medida a3nda se agrava coa enfermidade pulmonar obstrutiva cr3nica que padece V.L.M.D., unha afecci3n que se complicou o mes de abril precedente e que 3 unha das causas da declaraci3n de discapacidade que o denunciante ten reco3cida, como se indica nos documentos que achega 3 s3a reclamaci3n.

V.L.M.D. destaca no texto presentado ante o Xulgado de Pontevedra que a s3a estad3a na cela foi gravada por unha c3mara instalada no interior que enfoca directamente a cama.



## **Caso J.J.N.R.**

J.J.N.R. denuncia que o **23 de marzo de 2012**, estando convalescente dun grave episodio de convulsións epilépticas, e tras un rexistro na súa cela no que os funcionarios tiraron todas as súas pertenzas ao chan e romperon algúns dos seus obxectos persoais, como tardaba en cumprir a orde de traslado a outro módulo, foi golpeado varias veces e, unha vez que chegou ao módulo de isolamento, viuse obrigado a espirse e a facer flexións. Unha vez ingresado no módulo, é obrigado a permanecer nunha cela durante varias horas ata que o médico ordena o seu traslado á enfermería.

J.J.N.R. presenta no Xulgado de Garda unha denuncia por torturas, malos tratos e danos.

## **Caso R.F.P.**

O **26 de marzo de 2012**, R.F.P., enfermo de padecementos intestinais (perdeu 20 quilos en tres meses) e a tratamento con medicación por enfermidades mentais, é levado a isolamento debido a un incidente menor con outro interno a pesar da súa saúde, ao mesmo tempo que, sen previo aviso, se lle suprime toda a medicación que tiña prescrita.

## **Caso R.A.B.**

O **27 de marzo de 2012**, R.A.B. é golpeado e arrastrado polo chan por varios funcionarios, o que lle provoca feridas na cella esquerda que requiren puntos de sutura, erosións graves na cara e contusións nos pulsos e nocellos. É amarrado á cama polos pés e as mans e golpeado nas plantas dos pés e no estómago. Permanece nesa situación durante 15 horas. Máis tarde é ingresado nunha cela de isolamento, sen que o médico o visite.

O **4 de abril**, R.A.B. presenta no Xulgado de Garda denuncia por torturas, maltrato e lesións.

## **Caso J.C.S.**

O **29 de xuño de 2012**, mentres realizaba tarefas de limpeza no Módulo 1, J.C.S. queda atrapado pola porta da cela, suxeito polo pescozo durante uns 5 minutos. Cae en coma por asfixia e ingresa no hospital. Quédanlle como secuelas unha lesión crónica no plexo braquial dereito cunha afectación moi grave das ramas superiores C5-C6 e unha afectación grave das ramas inferiores C7 e D1, o que lle implica unha limitación significativa do brazo dereito, do ombreiro dereito, tremor na elevación, perda de sensación e perda de forza na man.

A causa do accidente foi a falla do mecanismo de seguridade de retroceso



anti-bloqueo da porta, quedando acreditada a ausencia de supervisión por parte da Inspección Penitenciaria das dúas empresas (ISOLUX e TIS) contratadas para o mantemento dos sistemas de automatización das portas das celas. Desde 2010, as dúas empresas discrepaban sobre cal das dúas se encargaba de manter a parte electromecánica e os autómatas do sistema, circunstancias que provocaron que ningunha das dúas se encargase do arranxo.

O interno presenta unha reclamación patrimonial por funcionamento anormal dos servizos públicos e obtén unha indemnización.

## **Caso M.T.F.**

O **12 de xaneiro de 2013**, varios funcionario agrediron M.T.F. nos módulos XV e XIV. Un grupo de familiares e amigos de M.T.F. denuncian que leva varias semanas esposado á cama boca abaixo sen que sequera lle sexa permitido ir ao baño, circunstancia que os funcionarios aproveitan para rirse del, humillalo e botar cubos de auga fría. sobre el.

Dada a verosimilitude da versión do recluso, apoiada no testemuño doutras persoas que confirman que, con posterioridade á agresión, M.T.F. presentaba signos evidentes de ter sido vítima de numerosos golpes, o **20 de xaneiro de 2013**, EsCULcA insta á actuación inmediata do Xulgado de Garda de Pontevedra, solicitando que se reciba á maior brevidade declaración a T.F. e ás testemuñas J.C.C. e F.D. e se reclame dos Servizos Médicos Penitenciarios relatorios sobre o estado de M.T.F. correspondentes aos días **11 e 18 de xaneiro de 2013**, toda vez que os feitos narrados por estas persoas poderían constituir un delito de tortura ou tratamento degradante (arts. 173 e 174 do C.P.) e dun delito de lesións (art. 147 do C. P.).

Pola súa banda, familiares e amigos presentan unha denuncia nos Xulgados de Pontevedra e solicitan publicamente que se tramite e investigue a denuncia presentada por un presunto delito de tortura, tratamento degradante e lesións, que se reciba declaración en sede xudicial a M.T.F. e as testemuñas e que M.T.F. sexa recoñecido por un médico forense.

## **Caso G.B.S.**

O **5 de setembro de 2013**, G.B.S. é transferido ao módulo de isolamento despois de negarse a falar cun funcionario que solicitaba a súa presenza fóra do seu módulo. Ao día seguinte notifícaselle unha sanción por ameaza de morte a un funcionario e aplícaselle o art. 75.1 RP.

G.B.S. négase a asinar a notificación e a súa actitude provoca a chegada de 4 funcionarios, armados con porras e protexidos por cascos e escudos, que lle ordenan que poña as mans fóra da porta de seguridade para ser esposado. O que o preso fai



sen opoñer resistencia.

Deseguido é transferido a unha cela especial onde o amarran á cama e é obrigado a permanecer inmovilizado 14 horas (**dende as 21:00 horas do 6 de setembro ata as 11:00 do 7 de setembro**).

O seu avogado presenta unha denuncia por estes feitos no Xulgado de Garda de Pontevedra.

## **Caso E.S. del P.**

E.S. del P. denuncia que o **5 de febreiro de 2014**, 5 días despois da súa chegada ao penal da Lama, é sometido a torturas por varios funcionarios.

(Información facilitada ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo).

## **Caso M.B.**

En **abril de 2014**, despois dun intento de fuga, M.B., de nacionalidade marroquí, foi atado espido á cama de retención e obrigado a permanecer alí durante 3 días.

(Ver *infra* Caso nacional marroquí)

## **Caso J.S.R.**

Segundo a denuncia de J.S.R. ao seu avogado, o **12 de agosto de 2014** é sometido a torturas mentres está atado boca abaixo na cama de retención: golpes na planta dos pés con porras, puñadas nas costas, presión dixital detrás do lóbulo da orella, contusións graves pola presión das correas,...

## **Caso D.M.L.**

D. M.L. denuncia perante o Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo ter sido sometido a torturas o **14 de agosto de 2014**. Non constan máis datos.

## **Caso R.G.G.**

A **finais de 2014**, R.G.G. é transferido ao módulo de isolamento sen mediar ningún tipo de infracción que poida xustificar a medida. Con 21 anos en prisión e data de cumprimento de condena aínda lonxana, R.G.G. está clasificado en primeiro grao, o réxime penitenciario de castigo. Despois dun longo período sen ser sancionado, o que facía posible a clasificación de segundo grao e a posibilidade de



saír de permiso, prodúcese este traslado que pode ter graves consecuencias na súa situación penitenciaria.

Ao considerar arbitrario o comportamento dos responsables do centro penitenciario, os compañeiros de módulo manifestan a súa indignación e, como protesta, demoran o inicio das tarefas de limpeza, xesto cualificado polos funcionarios do cárcere como "conato de motín". Malia a que non tivese participación ningunha na acción de protesta por atoparse xa nese momento no módulo de isolamento, R.G.G. é acusado de incitación á rebeldía.

Encerrado na mesma cela na que morreu, en abril do ano anterior, Y.G.S. en circunstancias que aínda non foran aclaradas e estaban baixo investigación xudicial, R.G.G. recibe desde o primeiro día ameazas dalgúns funcionarios ("Xa sabes quen estaba aí, ti verás como queres acabar").

Unha situación que só se resolve cando persoas próximas ao recluso presentan denuncias. Nese momento R.G.G. transfírese a outra cela.

En **febreiro de 2015**, un mes despois do traslado, notifícaselle a R.G.G. a imposición de tres sancións moi graves como presunto promotor dun "motín" que en realidade, segundo testemuñas presenciais, nunca se produciu e no que R.G.G. nunca podería ter participado por non estar presente na escena.

As probas que acreditan os feitos nunca foron divulgadas por medo a represalias.

Con base na información que temos, R.G.G. foi trasladado posteriormente á prisión de Mansilla de las Mulas.

## **Caso A.V.M.**

En **xaneiro de 2015** A.V.M. presentou unha denuncia por torturas sufridas a **finais de decembro de 2014**.

Segundo o texto da denuncia, A.V.M. tería recibido insultos racistas, golpes no peito e máis na planta dos pés propinadas por funcionarios da prisión na cela de suxeición á que fora transferido.

En **maio de 2015**, a denuncia foi presentada polo Xulgado de Instrución núm. 4 de Pontevedra.

## **Caso R.M.H.**

En **xaneiro de 2015** R.M.H. denuncia, ante o Equipo Xurídico Solidario de Novos





Avogados do Colexio de Avogados de Vigo, o que entende como vulneración constante de dereitos e maltratos continuados, falta de roupa, exposición a temperaturas extremadamente baixas, extorsión sistemática por parte dos funcionarios, horas de patio en soledade e, na ala curta, imposibilidade de saír ao aire libre nos días de choiva.

## **Caso R.N.L.**

O **12 de marzo de 2015**, R.N.L. é atacado por funcionarios cando se atopa no módulo de isolamento e posteriormente obrigado a pasar máis de dez horas na cela de suxeición mecánica. As agresións prodúcenlle lesións na cara e nas costas verificadas polo Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo.

RNL presenta unha queixa por estes feitos.

Máis tarde, R.N.L. é trasladado ao Centro Penitenciario de Zuera.

## **Caso E.S.M.**

O **18 de marzo de 2015**, E.S.M. é agredido por funcionarios (F. entre outros) no módulo 14 co resultado dunha cella partida debido a un golpe de porra (4 puntos de sutura) e hemorraxia producida por varios golpes ao tempo que lle profiren insultos xenófobos ("xitano de merda"). Despois, é levado á cela 40 da galería 4<sup>a</sup> (cela de suxeición) e alí os funcionarios golpéano con porras de goma por todo o corpo. Os servizos médicos limítanse a suturar a cella. Non examinan o resto do corpo.

E. S.M. manifesta ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo, que o visita varios días despois e constata as lesións producidas polos malos tratos, ter medo de que o maten.

A dirección do centro denégalle unha entrevista *vis-a-vis* co seu irmán epiléptico preso na mesma prisión. Os axentes que rexistran a súa cela rómpenlle o aparello de televisión.

## **Caso P.**

O **19 de marzo de 2015**, P., un preso cunha discapacidade mental do 90%, é agredido por varios funcionarios. Non constan máis datos.

A información foi transmitida por outro interno (RGG).



## **Caso F.J.G.M.**

En **decembro de 2015**, F.J.G.M. denunciou que **7 ou 8 meses antes (abril ou maio)**, cando estaba na chamada "milla verde" (galería curta do módulo 15), sufriu abusos continuos e chegou a ser torturado, aínda que nunca lle puxeron parte. Esta situación levouno a intentar suicidarse cortándose o pescozo cun pincho. Non conseguiu atopar a vea e os funcionarios que estaban a observar o que pasaba no interior non entraron na cela ata pasado bastante tempo limitándose, entre tanto, a exhortalo a tirar o pincho. Por causa deste intento de suicidio F.J.G.M. pasa 3 ou 4 meses, non pode precisar, na enfermaría en pésimas condicións.

Posteriormente, o Xulgado de Vixilancia Penal concédelle o pase ao réxime de vida do artigo 100.2 do Regulamento Penitenciario e trasládano ao módulo 5.

O **27 de xaneiro de 2016** é transferido a outro centro.

## **Caso F.M.F.**

O **25 de marzo de 2015**, F. M. F. denuncia ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo reiterados rexistros corporais, nalgún caso con raios X, despois de entrevistas vis- à- vis ( 17 de novembro, 8 de decembro, 19 de xaneiro, 16 de febreiro, 23, 16 marzo e 13 abril ).

Indica que por estes feitos presentou denuncia nos xulgados de Pontevedra.

Posteriormente é trasladado ao cárcere de Estremera.

## **Caso A.V.M.**

.V.M., de nacionalidade dominicana, informa o Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo dunha agresión por parte de funcionarios que o obrigan a permanecer espido e deitado no chan en canto lle propinan golpes no peito e nas plantas dos pés.

O Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo constata días despois lesións no corpo e a inflamación dun nocello como resultado evidente de golpes.

## **Caso A.M.C.S.**

Trátase dun interno cun 68% de discapacidade mental, practicamente analfabeto. No ano 2015 padeceu varios episodios de tortura e malos tratos continuos durante meses. Temos coñecemento de que presentou varias denuncias no xulgado aínda que carecemos dos datos concretos.



En xuño foi interrogado por vídeo-conferencia por representantes de Institucións Penitenciarias en relación cun episodio de torturas sufridas no mes de abril.

Os días **1, 2 e 3 de xuño de 2015** A.M.C.S. volve ser agredido por funcionarios do penal. Recibe a primeira malleira o 1º de xuño ás 12:00 horas e, en protesta pola agresión, traga pilas, follas de afeitar, etc. Ás 17:00 é levado ao hospital, onde permanece até as 02:30 do día seguinte. Despois pide a alta no hospital e á chegada ao cárcere a subdirectora médica da prisión envíaio a isolamento. **O día 2 de xuño** négase a ir á enfermaría e é novamente golpeado por funcionarios. E o mesmo sucede **o día 3 de xuño**.

**O 9 de xuño de 2015** é novamente esposado e golpeado por varios funcionarios do penal. Despois é conducido á temida cela 40 e alí volven golpealo.

Os días **1 e 2 de setembro de 2015** A.M.C.S. volve ser agredido por varios funcionarios que despois lle aplican suxeición mecánica.

**O 9 de outubro de 2015** é torturado por funcionarios en presenza doutros internos que se negan a prestar testemuño por temor a represalias.

**O 11 de novembro de 2015**, sobre as 09:00, dous funcionarios proceden a facer unha inspección da súa cela (en toda a galería só inspeccionan a súa) antes de deixalo saír ao patio. Protesta por esta medida discriminatoria e un funcionario golpéao cunha luva. El agarra o funcionario por un brazo. Despois sae ao patio con dous compañeiros e aos 5 minutos chegan varios funcionarios. Sácano do patio, espósano e agrídeno. Despois lévano á temida cela 40 onde o amarran deitado boca abaixo e pónenlle unha manta mollada por riba. Varios funcionarios golpéano coas porras por todo o corpo, mesmo nas plantas dos pés. É obrigado a permanecer na cela 40 até pasada a hora do comer, sobre as 14:00h, sen recibir atención médica.

Finalmente, o **17 de novembro de 2015**, transcorridos xa seis días e os hematomas son xa moi pouco visibles é examinado por unha médica, á que A.M.C.S. describe as torturas a que foi sometido. Ela non fai caso, alegando que tiña que ser examinado o día dos feitos. Sobre as 16:00 chama a súa muller e cando está a falar con ela, un funcionario ameázao. A muller e a nai, que está tamén no outro lado da liña, ouven as ameazas.

Posteriormente os funcionarios poñen parte disciplinario. A.M.C.S. cre que a orixe de tantas agresións hai que buscalo na relación familiar que unía a dous funcionarios do penal coa vítima do seu delito. O mesmo día da súa chegada ao cárcere da Lama, xa o agrediran eses dous funcionarios.

Por todos estes feitos presenta denuncia en **novembro de 2015**.



Posteriormente A.M.C.S. é trasladado ao presidio de Soto del Real e máis tarde ao cárcere Sevilla II (Morón de la Frontera).

## **Caso M.A.B.C.**

En **xuño de 2015**, M.A.B.C. reclama ao Equipo Xurídico Solidario de Novos Avogados do Colexio de Avogados de Vigo que é constantemente sometido a revisións e exploracións corporais completas despois das entrevistas *vis-à-vis*. E o mesmo lle sucede á súa parella despois das visitas. Tamén denuncia maltrato e graves deficiencias sanitarias do centro.

## **Caso Y.**

No **mes de xullo**, segundo testemuño recollido doutro interno, varios funcionarios agriden un preso árabe coñecido como Yusé con resultado de 2 costelas rotas. Ao pouco, o preso é trasladado á prisión de Bonxe.

## **Caso L.J.J.**

O **8 de setembro de 2015** L.J.J. é golpeado por funcionarios da prisión por protestar pola pouca medicación que se lle proporciona. Lévano á cela 40. A médica encargada de atendelo, a pesar de ver que está amarrado, nin sequera mira para el. L.J.J. non quere presentar denuncia por temor a represalias.

## **Caso R.A.S.**

O **31 de decembro de 2015**, R.A.S., con VHC, 84% minusvalía física/sensorial (cego) é agredido por funcionarios do Penal de Monterroso (Lugo) que lle pegan unha malleira, lévano ao módulo de isolamento e aplícanlle o réxime 91.3. O **20 de xaneiro de 2016** é trasladado ao cárcere da Lama onde denuncia a dous funcionarios (Francisco e Antonio) por malos tratos e ameazas de morte. Tamén denuncia os servizos médicos (ante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria) por desatención sanitaria.

## **Caso M A.C.S.**

O **19 de xaneiro de 2016**, M.A.C.S. informa do delicado estado de saúde en que se atopa: VHC e cirrose en fase terminal. A pesar das promesas extraoficiais de excarceración continúa en prisión por falta de casas de acollida. Quere realizar queixa perante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria pola medicación do VHC (Sovaldi).

O 20 de abril 2016 é trasladado á prisión de Dueso.



## **Caso S.G., J.P.G., S.G..**

O **27 de abril de 2016**, Institucións Penitenciarias ordena a dispersión carcelaria de S.G. e os seus irmáns, J.P.G. e S.G., en prisión provisional na Lama desde o día 12. A decisión é adoptada horas antes de que o titular do xulgado de Instrución nº 3 de Cangas, David Pérez Laya, decretase unha nova orde de prisión, nesta ocasión para o cuarto dos irmáns, M.G., detido no luns. O pai, O.G., permanece no módulo penitenciario do Hospital Provincial de Pontevedra debido aos seus problemas de saúde.

Os catro irmáns foran clasificados como presos FIES, de especial seguimento.

S.G. é trasladado ao centro penitenciario asturiano de Villabona; S.G., a Monterroso en Lugo e J.P. ao penal coruñés de Teixeiro. O avogado, Marcos García Montes, mostra o seu malestar por ser informado deste feito só tres horas antes de que o xuíz decretase a prisión comunicada sen fianza para M.G..

## **Caso J.A.P.D.**

En **xullo de 2016**, J.A.P.D. inicia unha folga de fame de dúas semanas e o **1º de agosto** comeza outra de 93 días. Nos dous casos en protesta polas condicións impostas no penal aos presos de primeiro grao: malos tratos por parte dos funcionarios, trato cruel, falta de atención á saúde e prohibición de comunicarse con dous amigos, un deles do *colectivo Nais contra a Impunidade*.

J.A.P.D. pertence á Asociación de *Presos en Loita Activa* e ten as comunicacións intervidas, está confinado permanentemente en isolamento e é continuamente trasladado a prisións afastadas do seu lugar de arraigo (Alacante).

A finais de agosto, o Xulgado de Vixilancia Penal de Pontevedra ordena o seu ingreso no Hospital Provincial desta cidade debido ao seu precario estado de saúde, onde permanece até **outubro de 2016**.

## **Caso A.M.C.B.**

Entre o **20 de febreiro e o 20 de marzo de 2017**, AMCB, con patoloxías graves (epilepsia e trastorno de afectividade), envía catro cartas ao colectivo Tokata nas que denuncia estar sometido a un duro réxime de isolamento na enfermaría, con só unha hora e media diaria de saída ao patio (a pesar de que o art. 91.3 do Regulamento penitenciario establece tres horas de patio para persoas isoladas) e sen ningún tipo de actividade cultural ou terapéutica. "Necesito axuda



psicolóxica e psiquiátrica e non ma facilitan xa que poeñn a escusa de que son moitos internos para atender”, afirma na súa denuncia. Tamén refire un episodio que podería ser cualificado como de intento de suicidio.

Poucos meses despois A.M.C.B. é trasladado ao C.P. de Teixeira onde recibe un trato similar até o novo intento de suicidio. (Ver relatorio sobre as condicións do C.P. de Teixeira).

## **Caso D.M.Q.**

O **1 de xuño de 2018**, EsCULcA presenta unha Queixa na Oficina do *Defensor del Pueblo* sobre o réxime de vida ao que está sometido o preso D.M.Q., obrigado a permanecer as 24 horas do día en absoluta soidade sen comunicación con outros presos, sen actividades programadas, a pesar de estar en tratamento farmacolóxico psiquiátrico cunha base patolóxica previa, o que supón un grave perigo para a súa integridade física e a súa vida.

“Nin sequera o réxime regulamentario máis estrito (art. .91.3 RP) pode determinar unha situación semellante que xa foi cualificada por organismos e tribunais internacionais como tortura”, argumenta EsCULcA na súa Queixa ao *Defensor del Pueblo*, na que destaca que este trato degradante é unha responsabilidade e unha neglixencia particularmente grave.

EsCULcA lembra tamén que o Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa recomendou no seu relatorio de 2017 ás autoridades españolas que adopten as medidas necesarias para garantir que os internos vulnerables asignados a módulos de réxime pechado ou en departamentos especiais reciban atención e tratamentos adecuados e que os presos con trastornos mentais sexan transferidos a un centro médico adecuado.

## **Caso H.M.P.**

H.M.P. informa que no **mes de xullo de 2019** é recluído no módulo de isolamento de onde é trasladado ao cabo duns días ao módulo de enfermaría e alí obrigado a permanecer nunha cela con paredes de cristal.

O **16 de agosto**, de regreso a un módulo convencional, asiste no patio ao acoso a que varios presos someten unha persoa transexual á vista dos funcionarios. Como estes non fan nada por impedir o acoso, H.M.P. intervén para defendela e resulta tamén agredido sen que os funcionarios interveñan en ningún momento. A agresión supónlle catro puntos de sutura e un novo traslado de módulo.



## **Caso da persoa transexual (non identificada por EsCULcA)**

O colectivo **Avante LGBT+** diríxese nese mesmo mes (**agosto de 2019**) á directora da prisión para interesarse por estes feitos. Ao non obter resposta, o **26 de outubro de 2019** presenta Queixa ao *Defensor del Pueblo*.

O *Defensor del Pueblo* responde en escrito do **21 de novembro de 2019**. Indica que, ao entender que a reclamación cumpre os requisitos establecidos no art. 54 da CE, procédese á súa admisión e iníciáanse as accións pertinentes ante a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, de cuxo resultado informará no seu momento.

## **Caso M.C.C.**

O **6 de febreiro de 2020**, EsCULcA recibe información sobre a situación de M.C.C., trasladado á Lama desde León. M.C.C. afirma necesitar asistencia dun psiquiatra e denuncia que no cárcere non lle administran a medicación que ten pautada.

## **3. - MORTES**

Segundo a información publicada nalgúns medios galegos, que se fan eco do informado por fontes gobernamentais (<http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/60108-carceres-galegos-encabezan-listaxe-mortes-naturais-estado>), o Centro Penitenciario A Lama foi na década 2007-2017 a prisión de todo o Estado español na que morreron máis persoas por causas non naturais: 35 mortes rexistradas por estas causas, a maioría vítimas dunha sobredose de drogas (24).

O problema das mortes en prisión causadas por sobredoses de drogas aparece ligado en numerosas ocasións, especialmente as que se producen os fins de semana, ao feito de que as persoas presas reciben os fármacos correspondentes a varios días de tratamento nunha única entrega, supostamente debido á falta de persoal sanitario suficiente para realizar esas entregas día a día. Aínda que este non é un problema recente, e a pesar das súas trágicas consecuencias, e incluso das reiteradas queixas dos funcionarios, non parece que as Institucións Penitenciarias planifiquen por agora medidas para eliminalo.



As cifras oficiais entre os anos 2010 e 2016 (ambos inclusive) ás que tivo acceso EsCULcA son en total 42 mortes, 14 delas por consumo de drogas e 5 por suicidio. O resto por causas naturais, en que se inclúen presumiblemente as mortes de persoas con SIDA ou enfermidades terminais que non foron postas en liberdade malia os seus padecementos.

## **Caso I.J.P.**

O **9 de decembro de 2005**, I.J.P. é achada morta na súa cela, vítima segundo parece de intoxicación medicamentosa. Non se sabe se debido a un acto voluntario ou accidental.

A morte prodúcese só quince días despois de que a Comisión de Denuncia de Galiza protestase diante do centro penal polo elevado número de mortes que ocorren no interior deste penal e reclamase unha investigación independente das circunstancias que provocan estas mortes.

## **Caso Interno non identificado**

O **11 de febreiro de 2008** transcende que os funcionarios atoparon morto na súa cela un dos internos do módulo 3. O interno podería ter cometido suicidio mediante enforcamento.

## **Caso M.C.**

O **17 de decembro de 2008**, M.C. apareceu enforcado na súa cela. Ao pouco, Institucións Penitenciarias, por boca da súa máxima dirixente naquel momento, a señora Mercedes Gallizo, congratulábase da baixa taxa de suicidios nas prisións do Estado español (dezaseis en 2008, corenta no ano 2007), subliñando a ausencia de indicios de que o condenado M.C. puidese ter optado por causar a súa propia morte e xustificando así que non fose incluído no programa de prevención do suicidio (Instrución 14/2005).

Con todo, nesta Instrución apúntanse como factores especiais de risco a existencia de conflitos familiares graves e o cambio da situación penal ou procesual do penado, factores que concorían no caso do preso M.C.

## **Caso R.R.**

O **3 de novembro de 2010** transcende a morte de R.R. Descoñecemos as circunstancias nas que se produciu.





## **Caso J.V.P.**

O **20 de decembro de 2010** morre J.V.P. Descoñecemos as circunstancias nas que se produciu a morte.

## **Caso E.G.S .**

Entre o día **2 e 3 de maio de 2014**, EGS., de 48 anos, morre na cela de isolamento onde fora recluso en castigo por ter no seu poder a carta do avogado dun colectivo de defensa dos dereitos das persoas presas.

E.G.S. levaba xa tres anos na Lama. Estaba en segundo grao e no prazo dun ano estaría en condicións de pasar a terceiro grao.

Una semana antes da morte informa o seu irmán Luís G., que reside en Canarias, que vai ser posto en réxime de isolamento. O irmán detecta a angustia de E.G.S. e ponse en contacto coa traballadora social e a psicóloga. Máis tarde consegue falar tamén co subdirector pero este corta a comunicación de maneira brusca despois de afirmar que non se proporciona información por vía telefónica. Pasados dous días, a familia recibe a noticia do falecemento.

Entre as pertenzas que a familia recibiu despois da morte están os partes dos que fora obxecto ao longo de tres anos.

"Considero que medidas como un castigo de catro fins de semana encerrado por falar cun veciño de cela desde a fiestra ou vinte días de isolamento por bater na porta da cela desde dentro... son medidas tan desproporcionadas que o único efecto que teñen é converter o preso nun ser sen personalidade ou nun rebelde "(Luis G.)

“O historial de denuncias por abusos ao subdirector de seguridade chegaba de lonxe. O meu irmán faloume en días anteriores das medidas represivas que se empregaban e dos abusos que se cometían. Por iso tiña a carta do avogado, porque el quería contribuír a loitar contra eses malos tratos que reciben os presos” (Luís G.)

**En novembro de 2015** a Audiencia de Pontevedra estima o recurso de apelación contra o arquivo ditado nos autos DP 1084/2014 do Xulgado de Instrución núm. 3 de Pontevedra seguidos pola morte de E.G.S.

O xulgado de instrución acordara o arquivo despois de recibir o resultado da autopsia (case un ano despois do falecemento de E.G.S.), sinalando que o relatorio afirmaba que a morte fora derivada dunha patoloxía cardíaca e sen asistir ás dilixencias probatorias solicitadas pola representación da familia.



O auto de audiencia (**714/2015**) sinala que aínda que a autopsia parece descartar que a morte fose dolosa, a investigación do xuíz instructor é insuficiente para excluír outras posibles infraccións que non foron obxecto de dilixencias probatorias malia a petición expresa da familia no proceso. Así poderían existir delitos de omisión do deber de socorro ou de homicidio imprudente e mesmo rigor innecesario. Non podemos esquecer que E.G.S., que mantiña unha traxectoria penitenciaria sen incidentes en segundo grao (aínda que sen renunciar á reclamación dos seus dereitos como preso) foi confinado no módulo de isolamento uns días antes da morte sen que ata hoxe se coñezan os motivos desta decisión, ignorando o xulgado instructor a petición da acusación particular sobre este punto.

Posteriormente o Instituto de Medicina Legal Delegación de Pontevedra sinalou no seu relatorio que o estado de saúde de E.G.S. previo á súa morte facía innecesario un seguimento extraordinario. Pola súa banda, o fiscal non aceptou as testificais solicitadas pola acusación particular.

## **Caso nacional marroquí**

En **xuño de 2014** (descoñecemos a data exacta) morre na prisión da Lama un preso marroquí. Todos os indicios apuntan a que se trata de M.B., preso que o **14 de abril de 2014**, despois dun intento de fuga, foi amarrado espido á cama de suxeición onde permaneceu durante 3 días. Sometido a continuos baños con auga fría e outras torturas, M.B. enfermou de pneumonía por hipotermia e a agravación do seu estado podería ser a causa da morte **en xuño de 2014**.

(Ver *supra* Caso M.B.)

## **Caso B.M.G.**

O **7 de marzo de 2015** aparece enforcado B.M.G. no módulo número 14 de primeiro grao. A morte produciuse entre as 13:00h e as 16:00h. Participaba activamente na campaña Cárcere=Tortura e estaba sometido a continuos desprazamentos por animar outros reclusos a tomar parte das mobilizacións contra as prisións.

Persoas achegadas a B.M.G., descartan a versión oficial do suicidio mediante enforcamento por non compadecerse coa boa autoestima do preso.

## **Caso M.G.D.D.**

O **26 de setembro de 2015** sobre as 04:20 faleceu na súa cela M.G.D.D a consecuencia dunha reacción adversa a varios fármacos que non tiña prescritos facultativamente. A nai presenta reclamación patrimonial por anormal funcionamento dos servizos médicos.



## **Caso R.A.B.**

O **7 de outubro de 2015**, sobre as 15:50, falece R.A.B. no Hospital Provincial de Pontevedra, onde fora trasladado desde a enfermaría do penal da Lama por unha reacción adversa a fármacos.

## **Caso A.S.C.V.**

O **19 de xaneiro de 2016** falece A.S.C.V. aos 24 anos, na súa cela. As autoridades investigan se se trata dun suicidio ou dunha morte por consumo de metadona adulterada. Persoas achegadas ao preso sosteñen que consumía a droga consciente do seu mal estado coa intención de acabar coa súa vida, pois levaba xa moitos meses «moi abatido e deprimido».

Ignoramos que medidas tomaría, se as tomou, a dirección do centro para evitar esta situación e o seu previsible desenlace.

## **Caso F.J.S.R.**

O **9 de outubro de 2019**, aproximadamente ás 17:00 horas, o oficial encargado da galería observa desde fóra que o corpo inmóbil de F.J.S.R. se encontra no chan, xunto ao inodoro da cela, e presenta un forte golpe na cara...

O funcionario esixe a presenza doutros compañeiros e avisa a médica do penal. Cando chegan entran todos na cela, esposan as mans de F.J.S.R. e a médica, despois de examinalo, certifica a defunción.

É importante ter en conta:

- a) que a F.J.S.R. fora sometida a un réxime de vida extremadamente restritivo desde o momento en que ingresou no penal de Teixeiro, desde onde fora trasladado ao C.P. da Lama o **5 de xaneiro de 2019**. Este réxime, establecido na Norma de Servizo 6/2016, carece de apoio xurídico segundo o *Defensor del Pueblo* español e reduce á persoa a que se aplica á máis absoluta soidade, privándoa de contacto humano de ningún tipo durante 24 horas diarias.
- b) que o día anterior ao do seu falecemento F.J.S.R. abandonara unha greve de fame dunha semana de duración, durante a cal debera ser sometido a controis médicos regulares nos que, loxicamente, se detectaría algún indicio da doenza que supostamente lle provocara a morte;



c) que o mesmo día no que o atoparon morto, FJSR escribira unha carta a un avogado de EsCULcA na que non aludía a molestias físicas de ningún tipo nin insinuaba ningún síntoma dun estado de ánimo que puidese levalo a cometer suicidio.

Ver **Caso F.J.S.R.** no relatorio sobre o C.P. de Teixeira.

## **4. - CONDICIÓN S DE VIDA DENTRO DO PENAL**

### **4.1. Pé sima calidade da asistencia sanitaria e alimentación pouco saudable**

En materia de asistencia sanitaria, destacan o prolongado período que as persoas internas deben agardar para poderen ser examinadas por especialistas en psiquiatría e odontoloxía. O noso Observatorio ignora as condicións do sistema de prestación de servizos destes profesionais (convenio co SERGAS, convenio persoal,...) pero en calquera caso, é inadmisí ble que as persoas sen ningunha alternativa sanitaria sufran meses de listas de espera para consultaren cos profesionais citados.

Non é posible ignorar o elevado número de penados que teñen prescrita medicación psiquiátrica, ben como a frecuencia con que os médicos de asistencia primaria da Sanidade Penitenciaria modifican as citadas pautas, polo que unha asistencia especializada puntual devén esencial e, de non existir, implica unha denegación efectiva do dereito á saúde da persoa presa.

### **4.2. Graves deficiencias nas estruturas con repercusión sobre a vida das persoas internas**

En canto ás infraestruturas, os penados clasificados en primeiro grao, réxime de vida pechado, segunda fase, módulo XV, durante o tempo que gozan regulamentariamente do patio (catro horas) só teñen acceso a unha zona descuberta, o que determina que, tendo en conta a climatoloxía de Galiza no inverno, en numerosas ocasións este dereito non poida ser exercido. Non se instalou ningunha estrutura material para solucionar este problema. A posibilidade de pór a disposición dos penados una sala interior para substituír o patio en días de climatoloxía adversa tamén foi rexeitada.

Estes feitos, graves para calquera condenado, sono aínda máis para aqueles cuxo réxime de vida implica unha limitación das actividades en común, xa que estas, á súa vez, están restrinxidas por deficiencias estruturais para o seu goce, co impacto negativo no tratamento dos condenados. No mes de agosto de 2015, os patios do módulo de isolamento núm. 15 foron completamente cercados de reixas.



A isto hai que engadir as reiteradas queixas polas baixas temperaturas no interior do cárcere nos meses de inverno, circunstancia que se agrava coa prohibición para os internos clasificados en 1º grao de vestir pezas como sombreiros, luvas, bragas ou capuchas.

O noso Observatorio quere destacar que a aposta da Institución Penitenciaria polos chamados módulos de convivencia ou de respecto non debe facernos esquecer as necesidades de tratamento do conxunto dos penados e, particularmente, daqueles en primeiro grao de tratamento.

### **4.3. Inexistencia de programa de actividades**

Igualmente, o noso Observatorio tivo coñecemento de que non hai un programa de actividades para os presos clasificados en primeiro grao de tratamento, concretamente, os que se achan no citado módulo XV. Ausencia dun programa de actividades que ten unha indubidable repercusión negativa nas persoas presas que, polo seu grao de clasificación, máis precisadas están de actividades tratamentais.

### **4.4. Vulneración do dereito á comunicación**

Son constantes as queixas de internos a colectivos de avogados relativas á vulneración do dereito á comunicación. Algúns (entre eles A.P.R., F.M.F., R.N.L., L.B.G) presentan queixa ante o xulgado de Vixilancia Penal por restrición sistemática de recibir publicacións concretas, con resultado negativo.

Consta o caso dunha filla que non puido visitar á súa nai, interna no penal, durante 6 meses.

As persoas presas ingresadas na Unidade de Acceso Restringido do Hospital de Pontevedra (UAR) informaron en 2016 da nula posibilidade de comunicarse co exterior por vía telefónica. Isto denunciárono dous presos ante Xulgado de Vixilancia Penitenciaria e o Comité de Ética do Hospital Provincial. Non sabemos se se mantén esta restrición.

Tamén son reiteradas as queixas relativas ao trato humillante que reciben as familias nas visitas.

### **4.5. Desatención á diversidade funcional**

**4.5.1.** Comunícanse as resolucións aos internos/as con discapacidade intelectual no mesmo modo que ao resto, sen ningún tipo de adaptación dos textos nin explicación ningunha sobre o documento que se lle transmite, vulnerando o seu dereito a entender as resolucións xudiciais e, polo tanto, a Convención dos Dereitos das Persoas



con Discapacidade.

**4.5.2.** Desígnanse por parte dos Ilustres Colexios da Avogacía para tratar os asuntos dos/as internos/as con discapacidade intelectual e/ou enfermidade mental a letrados/as sen coñecemento ningún da temática discapacidade/dependencia o que provoca unha falta de entendemento cos/as reclusos/as prexudicando a súa defensa no procedemento e vulnerando o dereito a unha defensa efectiva adecuada ás súas capacidades. Os profesionais descoñecen o apoio que precisa o/a interno/a ao/á que teñen que defender, deixando as súas accións baleiras de contido en detrimento do/a interno/a, obviando o acceso á xustiza no artigo 13 do CRPD.

**4.5.3.** Os formularios-tipo non están adaptados á linguaxe sinxela e comprensible ao fin de que sexan comprensibles para o recluso con deterioración cognitiva/discapacidade intelectual/ que pretende cubrir unha instancia ou presentar un recurso.

**4.5.4.** Non existen persoas facilitadores que poidan apoiar os reclusos con discapacidade intelectual.

**4.5.5.** Detéctanse persoas analfabetas, a maioría de etnia xitana, que tamén teñen deterioro cognitivo / retraso intelectual para as que non se fomenta ningún tipo de acceso á educación. A educación inclusiva para o grupo de persoas con discapacidade intelectual é inexistente.

**4.5.6.** As persoas con diversidade funcional quéixanse de que cando teñen traslados se cancelan as consultas médicas que tiñan por patoloxías graves, o que vulnera o dereito á saúde e a unha saúde pública adecuada.

**4.5.7.** Tense coñecemento dun asunto penal entre dous internos con discapacidade intelectual de violación/abuso sexual dun cara ao outro nos baños do módulo en horario nocturno. A.B., quen supostamente cometeu o abuso, é trasladado da Lama a Bonxe sen o coñecemento do seu avogado, unha vez alí, pouco despois, trasládano a Pereiro de Aguiar. Sábese que o recluso denunciante foi presionado reiteradamente polos funcionarios para que presentase unha denuncia despois de que pasasen días e nin o médico da Lama nin o forense atopasen ningún tipo de secuela. O procedemento sumario está pendente de vista. Non se informa a defensa letrada dos traslados a outros centros penais co tempo suficiente para poder solicitar dilixencias a practicar ao fin de esclarecer feitos ocorridos.

## **4.6. Prohibición de recibir apoio de visitantes voluntarios**

Desde **inicios do ano 2017**, a dirección do cárcere restrinxe severamente, até chegar a prohibir por completo, as visitas a persoas presas de membros da asociación



humanitaria Concepción Arenal. A gran maioría das visitas realizadas ata ese momento sen ningún tipo de obstáculo foron feitas a persoas con pouca ou ningunha rede familiar ou de apoio social no exterior. En máis dunha ocasión estas visitas eran o único contacto co mundo exterior en anos de privación de liberdade.

#### **4.7. Denegada solicitude de entrevista coa Directora do C.P. da Lama**

En **xullo de 2019**, EsCULcA solicitou unha entrevista con Dona Teresa Delgado, directora do C.P. da Lama, para transmitirle a nosa preocupación polas queixas relativas ás condicións de vida no interior da prisión que son coñecidas polo noso observatorio.

A entrevista foi fixada para o día **30 de xullo de 2019**, pero uns días antes comunicóusenos que se anulaba o encontro. Tamén se nos indicou que Dona Teresa Delgado tomara a decisión de non conceder a entrevista.

Posteriormente, EsCULcA mantivo unha reunión co secretario xeral de Institucións Penitenciarias, o Sr. Ángel Luís Ortiz González, quen prometeu facer o que cumprise para facilitar este tipo de reunións.

Agora confiamos en que a entrevista teña lugar en breve.

## **5. - ACTUACIÓNS PARLAMENTARIAS**

O **8 de maio de 2012**, o deputado Carlos Aymerich Cano (BNG) formulou unha pregunta perante a Mesa do Parlamento de Galicia sobre a grave deterioración dos dereitos no cárcere da Lama, citando tres casos concretos: o de J.J. N.R., trasladado á enfermaría despois de presuntamente ter sido vítima de duros malos tratos por parte de varios funcionarios do centro; o de R.F.P., a quen se lle suprimiu a medicación pautada -o que resultou nunha perda de 20 kgs de peso- e que despois foi encerrado nunha cela de isolamento; e o de R.A.B., presunta vítima dun duro ataque por parte de varios funcionarios do centro e posteriormente tamén encerrado en confinamento solitario sen atención médica.

O día **10 de outubro de 2014**, a deputada Rosana Pérez Fernández (BNG) rexistra unha pregunta na Mesa do Congreso sobre a atención e respecto aos dereitos humanos das persoas que cumpren condena en prisións do estado español na que fai referencia explícita á situación de E.S. del P., en folga de fame, e ás queixas de varios colectivos que garanten a salvagarda dos dereitos das



persoas presas. O goberno responde o día **20 de novembro** negando calquera irregularidade no tratamento dispensado a E.S. del P. e omite contestar o resto das cuestións.

En **novembro de 2014** as deputadas Carmen Acuña e Montse Prado (Grupo Socialista e BNG respectivamente) realizan varias chamadas ao director do cárcere para informarse sobre a situación de E.S. del P.. O director da prisión non atende a chamada.

Tamén en **novembro de 2014**, a deputada Consuelo Martínez (Grupo Mixto), pediu á dirección do centro que visitase o interno. A petición é denegada. Posteriormente cursa solicitude á Subsecretaría Xeral de Relacións Institucionais e Coordinación Territorial, organismo que igualmente denega a entrevista alegando que a visita debería ser solicitada polo propio preso.

O **12 de marzo de 2015**, as deputadas Carmen Acuña e Patricia Villano (Grupo Socialista) solicitaron a Santiago Villanueva, delegado do Goberno central en Galicia que visitase as prisións de Teixeira e A Lama para escoitar directamente as queixas das persoas internas. Este traslada a solicitude á Secretaría Xeral de Institucións Penais, dependente do Ministerio do Interior. O 7 de abril a subdirectora xeral de Relacións Institucionais e Coordinación Territorial deste departamento, Mercedes Belaustegui, denega a solicitude.

O **13 de abril de 2015** as deputadas Carmen Acuña, Carmen Gallego e María Quintas (Grupo Socialista) solicitan perante as Comisións Institucional e de Saúde do Parlamento de Galicia que formen unha delegación destes órganos para visitar "cada un dos centros penitenciarios" do país, coñecer de primeira man e "dar resposta a diversas preocupacións recibidas" sobre o seu estado e o trato á poboación reclusa. Tamén é denegada.

O **16 de novembro de 2015**, a deputada Tereixa Paz (BNG) presenta unha Proposición non de lei perante a Comisión de Xustiza e Interior do Parlamento de Galicia para esixir medidas contra a "vulneración dos dereitos fundamentais" dun interno agredido por un xefe de servizo e 5 funcionarios no cárcere de Teixeira o 6 de novembro de 2015 en represalia por protestas do módulo 15 centradas no abandono médico e sanitario, incluídas as persoas con trastornos psiquiátricos diagnosticados.

O **4 de outubro de 2017**, a deputada no Congreso, Alexandra Fernández Gómez (Unidos Podemos- Em Comú Podem-En Marea) rexistra no Congreso unha pregunta dirixida ao Goberno sobre os obstáculos aos que se enfrontan grupos e persoas que realizan labores de axuda humanitaria a persoas que non contan con vínculos familiares ou sociais no exterior. En concreto, a deputada destaca a negativa da dirección do cárcere da Lama a permitir que voluntarios da Asociación Concepción Arenal poidan realizar visitas a esas persoas como fixeron sen problemas durante anos.





O **29 de xaneiro de 2020**, o deputado no Congreso, Néstor Rego Candamil, (BNG) rexistra unha pregunta ao goberno sobre a Orde de servizo 6/2016, que establece a posibilidade de manter ás persoas en réxime de isolamento prolongado sen ningún tipo de contacto humano. Tamén demanda información sobre a morte de J.F.S.R., falecido no penal da Lama despois de sufrir este réxime de vida varios anos no C.P. de Teixeiro e uns meses no da Lama.

Galiza, febreiro de 2020

## **NOTA:**

No ano 2015, o colectivo Tokata publica un Dossier de Denuncias de Torturas e Malos Tratos na Prisión da Lama

(<http://tokata.mfo/wp-content/uploads/2015/06/DOSSIER-DENUNCAS-DE-TORTURAS-Y-MALOS-TRATOS-EN-LA-PRISION-DE-A-LAMA.pdf>)

Neste expediente consígnase un elevado número de situacións e dáse conta dalgunhas das mortes acaecidas no centro penal entre o 21 de xuño de 2005 e o 20 de marzo de 2015. Algúns dos casos referidos non coinciden cos expostos no noso relatorio, o que significa que en gran medida complementao. Se non os incorporamos é só por non aparecer identificada na descrición dos feitos a persoa afectada.

